

inverno 2016 | Nº 89

textos # 86

Winnie son eu

de María Armesto

erre gucé té

revista galega de teatro



erre
gue
té

revista galega de teatro

textos
86

A ironía como emancipación

Manuel Xestoso

Un vídeo de Bruce Naumann, *Slow Angle Walk* (*Beckett Walk*), presenta ao artista, no seu estudio, repetindo unha serie de movementos que non por minuciosamente preparados e ensaiados deixan de parecer absurdos. Lanza unha perna cara arriba ata deixala paralela ao chan, abanea cara adiante ata quedar en equilibrio sobre a outra perna, xira cara á esquerda, inclina o corpo cara adiante... Son movementos que responden á mesma lóxica disparatada que aqueles que realiza o Leo de *Winnie son eu*, e operan como un detonador que rescata o inútil do desinterese ao que o sometemos: reivindicando a reiteración do cotián e do superfluo nun mundo rexido pola economía do extraordinario e pola glorificación do singular. Case ninguén se para xa a contemplar a lenta transformación do ordinario, a pausada metamorfose do habitual.

O título da obra de Naumann remite a Beckett, como remite a Beckett o título da obra de María Armesto. A Winnie beckettiana e a Ela de Armesto son personaxes que non se deixan vencer pola realidade e que procuran nas pequenas variacións diarias os argumentos que lles permitirán seguir adiante cando xa é imposible seguir adiante. Mais talvez quen estea detrás desa porfía por atrapar a felicidade dos días sexa Spinoza –tan querido polo Beckett mozo– e aquel seu precepto de amar a Deus sen esperar que El poida amarnos a nós.

Isto implica unha variación importante porque, non o esquezamos, mentres *Happy Days* remata cun amago de achegamento de Willie a Winnie, *Winnie son eu* remata exactamente ao contrario, cunha ameaza de abandono por parte de Winnie. Os motivos e o desenlace final de ambos movementos conteñen a suficiente ambigüidade como para non dar nada por sentado e aceptar que os podería instigar igualmente o amor ou a repugnancia (*É imposible amar sen devorar... Verdade meu doce amor?*),

mais sospeitamos que a personaxe de Armesto logrou albiscaar un camiño cara a súa autonomía quizais inimaxinable para a de Beckett. ELA, a personaxe, tamén ignora o conflito hegeliano entre a poesía do corazón e a prosa da realidade, pero de algunha forma consegue subtraerse á última dependencia que aínda retén a Winnie a carón dun home que xa non responde ás arelas de plenitude que mantén. A emancipación dunha muller sempre equivale á caída dun deus moribundo que só conserva a auréola da súa antiga omnisciencia.

E mais o xermolo desa liberación xa estaba aí: na ironía con que a linguaxe mestura os distintos planos da realidade para lograr subtraerse ao presente e, en consecuencia, aos danos da vida. Fuxir da realidade acaba entumecendo, mais subvertela a través do humor pode moderar o efecto dos seus venenos. E, neste sentido, o humor de María Armesto posúe o don de desmitificar a fatuidade dun xeito irredutiblemente anárquico, mais respectuoso coa sacralidade do sufrimento. A integración de estratos multilingües e a amálgama de chistes, cancións, citas e causticidades convértese nun estilo propio que dá conta da impureza dos nosos móbiles, da nimiedade das nosas certidumes. Nese riso ecoa toda a dor e todo o amor pola condición humana, sen a arrogancia do odio nin a da adulación.

Winnie son eu vai máis alá da glosa beckettiana, transcende o carácter epigonal para crear un mundo propio no que o autor irlandés é só unha plataforma de lanzamento. E o universo que nace dese exercicio de relectura dun dramaturgo xa clásico permite entrever que, talvez, unha voz feminina deitada sobre esa terra queimada na que se converteu o noso mundo despois de Auschwitz e Hiroshima poida amosarnos algunha maneira de non rendernos ante a nada; aínda que sexa esa mesma voz a que anuncie que a nada é o único que posuímos de verdade.

Prefacio

W *innie son eu nace* da identificación establecida na miña adolescencia coa obra de Samuel Beckett e con *Happy Days* en particular. Aínda que daquela non era quen de comprender a complexidade dos seus textos había algo na súa lectura ao que si podía acceder dun xeito orgánico, emocional, que me conectaba co extraordinario e particular sentido do humor que Beckett imbuía a boa parte da súa obra e que a min me era absolutamente familiar.

Esta familiaridade proviña da linguaxe absurda que vertebrou o humor da miña familia e, particularmente, do meu pai, quen fornecía o seu imaxinario con Harold Lloyd, Irmáns Marx, Chaplin, Buster Keaton e co descubrimento do surrealismo da man do seu amigo, o pintor Urbano Lugués. Todo un arse-

nal de armas coas que combater os horrores do golpe franquista, a perda de amigos e irmáns, a tristeza conxénita que invadiu terra e familias.

E eu, a pé de berce, recibín este legado da súa voz, contándome estrambóticos contos, carentes de argumento, nó e desenlace, infatigables variantes sobre un mesmo tema que remataban por me durmir de puro desfalecer.

Esta aprendizaxe facilitoume a identificación, aínda hoxe máis física que intelectual, co universo poético de Beckett, impulsándome a enlear no 2009 o meu propio universo co do xenial irlandés, no desexo de revelar - me algún novo segredo desta estraña conexión.

María Armesto
Hío, decembro de 2016

Winnie son eu

María Armesto

A Mela Casal e Xavier Picallo,
pola honestidade artística e profesional

A Marcos e PC, por todo.

Personaxes:

ELA

LEO

FRANÇOISE

PAPÁ

Winnie son eu estreouse no Salón Teatro de Santiago de Compostela o 11 de maio de 2012. Unha produción de Pifano Teatro co seguinte elenco: Mela Casal (Ela), Xavier Picallo (Leo), María Armesto (Françoise) e Marcos Sánchez Armesto (Papá). Posta en escena de María Armesto. Escenografía e iluminación de José Herrero PC.

ACTO I

Françoise sobe o volume.

Escuro.

Luz esgarecida a rentes do chan. Terra queimada. Restos dunha moto e pezas dun motor. A luz ascende un metro. No centro esquerda, a carcasa turquesa e oxidada dun sidecar bélico. Na popa, un raído gallardete. Na proa, un espello retrovisor roto do que colga un bolso co rostro de Romy Schneider. As pernas de Leo asoman por debaixo do sidecar. Está deitado sobre unha vella táboa con rodas, tipo carro de mecánico. Viste funda de traballo de cor tabaco e calza zapatóns. A luz ascende outro metro. ELA, dentro do sidecar, ten a cabeza apoiada no capó. Viste traxe de baño sen tirantes de cor turquesa descolorido, casco e gafas de moto raiados. Luz no segundo termo do escenario. Á dereita, dous metros por detrás de ELA, vese o respaldo dunha cadeira de praia polo que asoma a cabeza gris de FRANÇOISE. A luz inunda o fondo do escenario deixando ver un escuálido bosque de esqueléticas árbores. A luz intensifícase. FRANÇOISE leva un vestido descolorido, un bolso e un transistor.

Reméxese na cadeira. Mira a LEO. Mira a ELA. Érguese con dificultade, camiña cara o bosque e mexa. Volve á súa cadeira. Fedella na radio producindo un son molesto sen conseguir sintonizar

FRANÇOISE.- Neeena..., Nena. Nena, dormes? Toda a noite de pendón e claro... Pois xa se che pasou o tempo filliña. *(Fedella na radio)*. Xa verás, dentro duns anos estarás ti máis vella ca min. *(Silencio)*. *Apaga. Érguese e vai cara o sidecar. Saca a antena do transistor e ao tempo que cantaruxa, golpea ritmicamente no sidecar*. «Despierta mi bien despierta, mira que ya amaneció, ya los pajaritos cantan, la luna ya se ocultó». *(ELA suspira, incorpórase lentamente e mira á fronte. FRANÇOISE detén a percusión. ELA entrecruza as mans)*. Rezas nenita? Falta che fai miña filla, falta che fai... "Así en la tierra como en el cielo, mas líbranos del mal. Amén."

ELA.- FRANCISCAAAAAAAAAAAAA!

FRANÇOISE.- Françoise. My name is Françoise. Non sei a quen sairás ti miña filla, a min non, desde logo, e ao teu pai, rien de rien. He was a gentleman!

ELA bocexa ostentosamente e estírase. FRANÇOISE volve á súa cadeira. ELA saca as gafas. Inclínase cara o bolso. Retrocede. Mira á fronte. Separa os brazos e xunta os dedos polgares co do corazón. Inspira e expira varias veces. FRANÇOISE acende a radio, fedella nela e produce un desagradable son.

ELA.- Non, non. Inspiración en catro... Expiración en seis... Inspira...

ELA.- Inspiración en CATRO, expiración *(explota)* en SEEEIS. *(Françoise apaga a radio. ELA mira o bolso. Mira a Leo. Asubíalle. Silencio. Precipítase sobre o bolso, remexe nel e saca un paquete de fío dental, corta un bo tramo e pásao polos dentes. Mírase no retrovisor, mostra os seus dentes, esboza varios sorrisos ata construír un sorriso enorme, estridente. Mira á fronte)*. Sorriso Velasco! Sorriso eficaz! Oui, oui... Sorriso de lúa. Prata nos dentes... pedras nos pes... Ch. Ch. Ch. Non, Non. *(Saca un pinta labios do bolso. Mira a Leo)*. Iuhu! *(Silencio)*. IUHU! Nada. Rien de rien. *(Françoise fedella na radio co volume a tope. Ela sorrí)*. O arco está tenso! *(Lánzalle o paquete de fío dental)*. Esquiva o proxectil!

FRANÇOISE.- «A túa xenerosidade será a túa dote». *(Apaga a radio)*.

ELA.- Hai que economizar. Tempos de crise, Leo, tempos de crise. Que pasa mon amour, tampouco hoxe te vas levantar? Feliz ti querido. Querido amigo, querido amore, querido... *(Abre o pintalabios e mírao)*. AMANTE? A piques de caducar. En fin..., así son as cousas. Rouge de Chanel, rouge absolu. Bos días Leo... *(Silencio)*. Bonjour mon amour. *(Mírase no espello e pinta os labios)*. Bon día estimat. *(Inclínase cara a Leo)*. Good morning my love. *(Silencio)*. Guten... Guten que? Como era? Gutennnn... Boh! Bongiorno amore! Leo...? Cu cú! Vives amor...? Nada. Rien de rien. Cero. Cero patatero. Váíase señor González! *(Sorrí)*. Inútil. *(A Leo)*. Allez vous Monsieur González! *(Silencio. Garda o pinta labios)*. Rien. Nada que facer. Rien de tout. Nas dez de últimas. Así son as cousas. C'est la vie...! Ben, querido, como queiras. Comezarei o día sen ti. *(Mira á fronte)*. Preparada! *(Abre os brazos e exclama)*. Noises...! *(Paralízase e leva as mans ao casco)*. Mon Dieu! *(Saca o casco e observa o seu cabelo no retrovisor)*. Cabelo de arame. Estropajax sideral! *(Saca un spray vello do bolso, pulveriza e remexe o cabelo. Mírase no retrovisor)*. Agora si. Avanti!. Gran cinema e... XA! *(Abre os brazos e exclama)*. Noisesees ooooff! *(Colle o spray coas dúas mans como se fose un revólver e canta piano ao tempo que apunta en diferentes direccións e dispara)*. «Wilkommen, Benvidos, Welcome. Bang! Benvinguts, Bienvenues, Ooolaa, Bang, Bang...!!» *(Sopra o canón do revolver. Mira á fronte sen pestanexar)*. «Diri, diriri, diri ririri...» Noises off, Ela querida. Noises off. *(Mira a Romy. Acariña)*. Bos días bela... Bos días princesa... *(Á fronte)*. Princesa das entrañas en flor... Ch, ch, ch, ch, ch. Non, non Ela, non, non. *(Sorrí)*. Bos días Françoissse! Ma chère grand, grand mere!. Non hai nada como exercitar a voz para espertar... Non cres, maman mammoth?

FRANÇOISE.- «Yo te crié y contigo he de envejecer».
ELA.- Quecer a voz nada máis espertar... Quecer a voz e falar. Falar sen parar, sen chegarse nunca a cansar.

FRANÇOISE.- (*Saca do bolso unha folla amarelenta de xornal e le*). «Madurita calentorra. Servicio de hotel. Acepto Visa» (*ELA pon o casco*). «Galeguíña melosa. Cento trinta de peito» Oes nena? Cento trinta de peituga! Un berce para gozar. (*Ela pon as gafas*). Peituga, manuelas, chuchas, tetas, lolas, tetilla, teta de novicia. Oíches Leo? Cento trinta de novicia! Peituga, manuelas, chuchas, tetas, lolas, teta de novicia, tits, tits, tits-tits-tits...

ELA.- Añejaviejamarrajojamoortaja. Añejaviejamarrajojamoortaja.

FRANÇOISE.- Añeja... Vieja... Marraja... Coja... Mortaja...

ELA.- «Extinguete, fugaz fachuco!»

FRANÇOISE.- You Are Never quiet!. What are you? A Witch? A Queen? A Star?.

LEO.- *Arrastra o pé esquerdo e apoia a planta no chan.*

ELA.- Es ti Leo? (*Saca os lentes e o casco*). Estás aí mon amour? (*Silencio*). Gozando dun soño brutal. (*Alza a voz*). Non vas traballar hoxe, león?

LEO.- *Deixa caer a perna ao chan.*

ELA.- Non, xa vexo que non. (*Acaríña a Romy*). Aquí estamos querida, un día máis... (*Mira ao cénit*). Baixo esta luz plotina... Soas... PLOTINADAS!. (*Sorri*). Chegaremos algún día ao mar? Qui lo sa. (*Canta*). «Parole, parole, parole... Parole, parole, parole, parole, tan solo parole. Parole de amooooor...»

LEO.- *Levanta a perna esquerda e fai círculos co pé.*

ELA.- (*Mira a Leo*). Cantas cariño? Encántame a túa voz de barítono!

LEO.- *Círculos máis grandes co pé.*

ELA.- «Parole, parole, parole. Parole, parole, parole. Parole, tan solo parole, parole de amooooor...»

LEO.- *Deixa caer pesadamente a perna ao chan.*

ELA.- Oh, je te connais bien, mon amour. Lumes fatuos, oui, fatuosísimos. É unha pena... Unha peniña pena (*Canta piano*). «Ai pena, peniña pena, pena, pena do meu corazón...»

LEO.- *Xunta os pés e golpéaos ritmicamente.*

ELA.- «E o sangue xa me ferve, ferve, alumando o corazón». (*Aplaud*). Sorpréndesme León. Segues sendo un home de acción!

LEO.- *Dobra o xeonllo e apoia o zapatón no chan.*

ELA.- Estás tan guapo coa túa funda de traballo, amor...

LEO.- *Abre a perna que ten dobrada e balancéaa.*

ELA.- Mmm (*Recita*). «Tú funda te enfunda, te enguanta! Casta y provocativa a la vez...» Como era o poema Leo?

LEO.- *Move nerviosamente a perna.*

EL.- «Casta y provocativa a la vez ...» Como segue?.

LEO.- *Dobra as dúas pernas.*

ELA.- (*Para si mesma*). «Te enfunda...te enguanta...»

LEO.- *Sube e baixa a cadeira do chan.*

ELA.- (*Mirando a Leo*). Siii! «O arrogante vigor dun sexo conxestionado!» Tes memoria de elefante, León.

LEO.- *Intensifica o pendular da cadeira.*

ELA.- (*Ri escandalosa*). «O arrogante vigor dun sexo conxes...» Pero non Leo, iso é doutro poema! Aínda que me encanta o poema, non creas, pero ese non é. Como era...? «Casta y provocativo a la vez...» Como segue?

LEO.- *Deixa caer a cadeira ao chan.*

ELA.- Non te desanimes, cariño! Veña, arriba ese ánimo!

LEO.- *Deixa caer pesadamente as pernas ao chan.*

ELA.- Que pouco aguante ten señor Bloom! Pouqúisimo aguante! Cero. Un pouco de... (*Remexe no bolso. Saca un abano e ábreo*) ...de aguante! É o único que pido. Pero nada, ti nada, ti non estás polo labor, non aguantas nada, rien. Rien de rien! Pois que saibas: Cando se convive con alguén, con alguén que amas... (*Golpéao co abano*). Escolitas Leo, que a-mas, entón toca aguantar. Resistir, soster, termar, aturar... Ter bo coiro que se di!

LEO.- *Apoia os pés no chan e ergue e baixa a cadeira.*

ELA.- Si Leopold, escoiteite perfectamente: Conxestionado.

LEO.- *Acelera o ritmo do movemento.*

ELA.- Es un pallaso, Leo! Sempre acabas por facerme rir. Ok cariño, estás perdoado. Agora imos planificar un día especial!

LEO.- *Deixa caer pesadamente cadeira e pernas ao chan.*

ELA.- Rien. Resignación. Nada que facer contigo Leo querido...

LEO.- *Dá un golpe baixo o sidecar.*

ELA.- Tes que traballar, si, xa sei... Pero tiña que ser xusto agora que o podíamos pasar tan ben?

LEO.- *Dá unha serie de golpiños.*

ELA.- Ok, traballa canto queiras!... Pero a vida é algo máis que durmir e traballar...

LEO.- *Dá un golpe seco.*

ELA.- Non te crítico Leo!... Tan só fago unha observación.

LEO.- *Dá tres golpes monótonos.*

ELA.- O traballo e a rutina, si. Fantastique. En fin, hai que ver o lado positivo das cousas. Alimentarse desta luz que nos ilumina. Deixar as negras sombras atrás.

LEO.- *Dá dous golpes secos.*

ELA.- Que eu entorpezo o teu traballo? Pois ben que te estimulaba noutro tempo... Que foi daquel

tempo, my love? (*Silencio*). Fas ben, traballa, que o traballo tamén ilumina, non plotiniza... pero axuda. Traballa, avanza, que pronto bañaremos os nosos pés no mar. Oui, mon amour, os nosos pés dans la mer. Mmm... Xa comezo sentir o aire do mar.

LEO.- *Golpea insistentemente os pés contra o chan.*

ELA.- Es un pailán, Leo. Ri canto queiras, pero o certo é que eu comezo sentir o cheiro do mar.

LEO.- *Patexa insistentemente.*

ELA.- Ris porque sabes que xa non es home a levarme alá! Pero calquera día collerei o meu petate e...

LEO.- *Balancea unha perna.*

ELA.- La mer, si! Búrlate se queres, a min tanto me ten.

LEO.- *Ergue e balancea a cadeira.*

ELA.- (*Mírao intentando entender*). Eu dans la mer e ti ... enfundado? Que? Conxestionado outra vez? OOOH Willy Bloom! Ich liebe dich! Veña, bailemos o noso valse!

LEO.- *Deixa de abanearse e dá dúas marteladas.*

ELA.- Sinceramente cariño, estás feito un agonías!

LEO.- *Fai movementos inconexos cos pés.*

ELA.- Inventario?

LEO.- *Dá dous golpes cos pés.*

ELA.- Non Leo, négome! Hoxe non toca inventariar...

LEO.- *Arrastra continuamente un pé de diante atrás.*

ELA.- Que vas poñer en marcha hoxe o motor? Bravo cariño. Bravísimo!

LEO.- *Flexiona e estira insistentemente o pé.*

ELA.- Motor de arranque conxestionado? Tamén o carburador? (*Ri escandalosa*). Inflamación xeral. Amotinados os elementos! Excepto... As axuzadas roscas. (*Canta*). «A vida é unha rosca, ros, ros, rosca. A vida é unha rosca, ros, ros, rosc...»

LEO.- *Dá dúas fortísimas marteladas.*

ELA.- Que enerxía León! En marcha pois unha vez máis! (*Contando as roscas do chan*). Unha, dúas, tres..., cinco, seis..., catro, cinco. Roscas do un, roscas do tres... Fío de rosca. Filetes. Conxestionados! (*Ri*). Tres roscas do catro, cinco do un, sete do dous...

LEO.- *Deixa caer bruscamente as pernas ao chan.*

ELA.- Demasiada acción. Comprendo... Unha vida vertixinosa, sí. (*Mira ao cénit*). Agradezo esta luz. Agradezo si... (*Recita*). «En la bella mañana azul, te baña la luz del día, mientras el bosque, tembloroso sangra y de amor moría...» Non Ela, non, aínda non.

LEO.- *Dobra as pernas e dá dous golpes.*

ELA.- Así se fala señor Bloom! Concentrarse e avanzar. En marcha ti, en marcha eu, en marcha os dous unha vez máis! (*Saca un spray e pulveriza o escote*). Mmm, que gusto! Asímate Leo. Deixa que pulverice o teu corpo dourado ... Protexerte deste sol ozo-nizado...

LEO.- *Dá dous golpes.*

ELA.- Non queres? «Tú te lo pierdes, querido». Conservar a pel tersa, tersa pel das estrelas. (*Garda o spray e acariña a Romy*). Estrelas coma ti, Romy querida...

LEO.- *Inicia unha serie de golpes que interrompe cando ELA recita.*

ELA.- (*Articulando esaxeradamente*): «A noir, E blanc, I rouge, U vert, O bleu». Como se chamaba o poeta? O das vogais? Morrera tan novo... (*Nega coa cabeza*). Non, non. E-xer-ci-tar, iso é. A noir, E blanc, I rouge, U vert, O bleu, VO-GA-IS. Ok. Misión cumprida. E agora Ela querida, agora tócache agradecer, dar grazas, si... (*A Romy*). Non cres querida que é de ben nacidas ser agradecidas? Si, claro que si. (*Acaríñaa*). Agradezo, celebros, dou grazas.

LEO.- *Dá catro golpes e deixa caer as pernas ao chan.*

ELA.- Extinguido xa o teu entusiasmo amor? Es tan sensible... Espera, collerei o noso libro. (*Abre o bolso*). Desculpa querida, teño que molestarte outra vez. (*Saca Pavesas de Samuel Beckett. Sepárao dos ollos para ler o título. Nega coa cabeza*). Non, este non é. (*Gárdao e segue a buscar*). Onde está o noso libro? Non o atopo. Telo ti cariño?

LEO.- *Dá un golpe brusco.*

ELA.- Non te enfades amor, atopareino... (*Remexe*). Nada (*Mira á fronte*). Estiveches ti a remexer no meu bolso Françoise?

FRANÇOISE *fedella na radio e sintoniza «Bésame mucho» interpretada ao xilófono.*

Durante 45" permanecen inmóviles. FRANÇOISE volve fedellar na radio e rompe a maxia producindo o desagradable son de cada día.

ELA.- Escóitame ben vella raposa, como foses ti quen...

FRANÇOISE.- Françoise, my name is Françoise!

LEO.- *Dá tres golpes fortes.*

FRANÇOISE *apaga a radio.*

ELA.- Non te preocupes amor, xa aparecerá. Ademais eu lembro os poemas, escoita. «FOTTIAMICHI, ANIMA MÍA».

LEO.- *Cruza axilmente as pernas.*

ELA.- «FOTTIAMOCHI PRESTO! PERQUE TUTTI PER FOTTER, SIAMO NEL MONDO!»

LEO.- *Refrega unha perna contra a outra.*

ELA.- E... «E SE POST MORTEN FOTTER FOSSE HONESTO, DIREI...» (*Para si*). «E SE POST MORTEN FOTTER FOSE HONESTO», direi... Como segue? «SE FOTTER FOSE HONESTO...» direi, direi... QUE?

LEO.- *Deixa caer violentamente as pernas ao chan.*

ELA.- Está ben Leo, como queiras, golpea, tradea ou

dorme todo o día, a min tanto me ten. Estou farta de tirar eu deste carro, o día menos pensado abrirás os ollos e... e non te verás máis que a ti mesmo. SÓ! Coas túas monótonas marteladas e os teus constantes cambios de humor!

LEO.- *Xírase lentamente boca abaixo.*

ELA.- Non Willy Bloom por favor, iso non! Boca abaixo non! Non me castigues amor, non me abandones... Leo!

FRANÇOISE *colle a folla de xornal e le.*

FRANÇOISE.- «OBITUARIOS. Morre en París Sissí Emperatriz. A actriz austríaca cumprira recentemente corenta e tres anos».

ELA *mira á fronte sen pestanexar.*

FRANÇOISE.- Corenta e tres? Parecía máis vella. Mala vida miña filla, mala vida... Toma nota!

ELA.- *(Cun fío de voz).* Descanse en paz a princesa.

FRANÇOISE.- *(Cantaruxa)* «Y te vas, y te vas, al cielo vestida de blanco te vas, un coro muy triste de ángeles, entona la marcha nupcial. Chan, chan, cha, chan. Chan, chan, cha, chan».

ELA *acariña o bolso sen deixar de mirar á fronte.*

FRANÇOISE *volve ler.*

FRANÇOISE.- «Descoñécese se a afamada actriz morreu de morte natural ou dunha sobredose de drogas». Que che dicía eu?

ELA *tapa as orellas coas mans.*

FRANÇOISE.- «Seu fillo, David, morrera hai un ano cra... cravado na reixa de ferro da súa propia casa».

ELA *lanza un berro xordo mantendo as orellas tapadas.*

FRANÇOISE.- Vaia morte tivo o rapaz!

ELA *salouca en silencio.*

FRANÇOISE.- «O adolescente estaba só na casa». Non me estrañaría que quixera fuxir da nai. Co mona que era cando facía de Sissí e mira ti agora que estragada está. *(Le en silencio).* Aquí din que foi a nai quen a convenceu para facer de Sissí! Esa si que era lista. Nunca debeu deixar de ser Sissí!

ELA *salouca ostensiblemente.*

FRANÇOISE.- *(Cantaruxa).* Chan chan chachán. Chan chan chachán...

ELA.- *(Deixa o bolso e enxuga as bágoas).* Extínguetes dunha vez, fugaz fachuco, ou plantareite para sempre nesta maceta de terra seca!

FRANÇOISE.- *(Polo baixo)* «Yo te crié y contigo he de envejecer!»

ELA.- Vas coller unha mala postura cariño. *(Silencio).* Son unha roca. *(Canta).* «I'am a rock, I'am a rock. I'am a rock.» Non é bo pasar tanto tempo nesa postura... Se quixeras vir onda min... Sentar aquí como hai lustros... Eu acariñaría o teu cabelo dourado..., bicaría os teus ollos de mel..., mordería...

LEO.- *Xírase pouco a pouco.*

ELA.- Mordería as túas cadeiras de lume. Ouro, lume e mel, iso es ti para min, meu amor.

LEO.- *Arrastra as pernas ata dobralas.*

ELA.- *Ventre de canela.... En flor...*

LEO.- *Balancea suavemente as cadeiras.*

ELA.- Oh si! Quéimame, fríteme, plotinízame Bloom-Bloom!

LEO.- *Levanta unha perna e balanceáaa.*

ELA.- Si Leo, encántame esa canción «Chim chimenín, chim chimenín, chim chim cherí, el ser un modesto desho...»

LEO.- *Deixa o balanceo e comeza a estirar e dobrar a perna.*

ELA.- Traballa canto queiras, meu arcanxo, que eu serei o teu soporte, a túa ponte sobre augas turbulentas!

LEO.- *Volve balancear a perna.*

ELA.- «Chim chimenín, chim chimenín, chim chim cherí».

LEO.- *Dá dous golpes no chan.*

ELA.- Siii cariño, sei o necesarios que son os engranaxes... E os rodamentos tamén...

LEO.- *Balancea a perna.*

ELA.- «El ser un modesto deshollinador».

LEO.- *Dá dous golpes no chan.*

ELA.- As bielas e o cegoñal, que graza esa palabra: cego...

LEO.- *Balancea a perna..*

ELA.- «Chim chimenín, chim chimenín, chim chim cherí».

LEO.- *Dá varios golpes curtos co pé.*

ELA.- Temos de todo, si: pistóns, piñóns, bielas...

LEO.- *Balancea a perna.*

ELA.- «No impide que sea feliz con tu amor».

LEO.- *Dá tres golpes curtos.*

ELA.- Pipa, buxía, cegoñal.

LEO.- *Balancea as dúas pernas.*

ELA.- «El ser un modesto deshollinador».

LEO.- *Golpea confusamente os pés entre si.*

ELA.- Non entendo cariño. Outra vez carburador? Engrenaxes? Que? Despoboador? Desfeluxador? Arrinca dunha vez, Leo!

LEO.- *Detén bruscamente as pernas e déixaas caer ao chan.*

ELA.- Difícil amar sen devorar ... Verdade meu doce amor? Non respondas se non queres. Sei que estás aí. O teu alento de xeranos... Os teus bicos celestes... Sei que estás aí. Iso é o que importa, o que me mantén aquí. *(Pausa)*. Arrastreite eu ata aquí? Apaguei eu a túa luz? Non! Non! A túa luz non se apaga. Non fagas caso amor, non escoites... Tampouco eu quixera escoitar esta voz na que afogo. Calar dunha vez. Quedar aquí... En silencio. Quieta. Plantada. Muda. Cegar estes ollos. Lacrados... Neste rostro que resiste. Fundir para sempre o sorriso. Usar dentífrico lunar. Bañar de prata os meus dentes, baño de triste metal. Domingo eterno, domingo negro, preludio dun luns celestial. Durmir quixera contigo, durmir e deixar de falar.

Silencio. FRANÇOISE acende a radio.

ELA.- Apaga esa radio grand mère que é tempo de ler. *(Remexe no bolso)*.

FRANÇOISE.- Françoise apaga e le. «Doutor ilustrado ofrece instrución e sexo gratis a estudantes sen experiencia».

ELA.- *(Axita na man as Pavesas de Beckett)*. O meu tempo de lectura MAMUT, non o teu!

FRANÇOISE.- «Abstéñanse maiores de vinte e cinco. Máxima discreción».

ELA.- Shut up Françoise! Shut up! Tu la ferme! Cala. Silence, Silencio, Sshhhh.

FRANÇOISE.- Youuuu! YOU ARE NEVER QUIET!

ELA abre o libro por onde cadra e le.

ELA.- «Nacer fué su perdición» Ch, ch, ch, ch ch, isto si que non! *(Pasa páxinas apresuradamente. Detense e le)*: «Por fin llegó, al término de un largo día, cuándo se dijo ella a sí misma...» E a quen se non. «Es hora de dejar, es hora de dejar de ir de un lado a otro...» *(Silencio)*. Non vas volver traballar hoxe, mon amour...? A min non me estorbas... Eu podo ler igualmente, ler para ti mentres arranxas o que teñas que arranxar... Leo? Dime algo Willy Bloom. Gústame o teu martelar ... Sentir que estás. *(Silencio)*. OK cariño, como queiras! Réquiem in pace, se queres! Deixareiche descansar en PAZ. *(Garda o libro e acariña a Romy)*. «Ela reencontra... Quoi? L'éternité.... Cést la mer ... Quoi?» O doce aire do mar. «Quoi? ... L'Éternité!».

A luz esmorece sen chegar a desaparecer. ELA aniñase no sidecar. A luz da lúa invade o espazo.

LEO sae lentamente de debaixo do sidecar desprazándose no seu carro cara á esquerda, uns pasos por diante de ELA. Érguese. ELA endereitase. LEO saca unhas fichas do peto da súa funda. Fai exercicios para quecer a voz. ELA mírao atentamente. LEO da un sinal estalando os dedos. FRANÇOISE xira lixeiramente. LEO ergue o brazo co puño pecho e saca, un por un, tres dedos. Comeza o serial.

LOCUTOR.- *(Moi articulado)*. As ondas do mar de Mera veñen, rompen e van e acariñan preguiceiras a orela da praia de Canaval.

ELA aplaude e imita o son das ondas e move os brazos seguindo o compás.

LOCUTOR.- *(Afectado)*. Pais, nais, nenos e avós, adurmiñados protéxense dos inclementes raios de sol que anegan a tórrida sobremesa dun abafante 25 de xullo. A pequena Eli, cun anciño na man, escarva impetuosa na area sen darse conta de que está a molestar á súa mamá.

ELA saca un anciño do bolso e intenta fozar no chan.

LOCUTOR.- Sobre o run-run insistente do mar, escóitase a voz da malhumorada mamá.

NAI.- Está quieta coa pala, nena...

ELI.- Non é unha pala que é un anciño, anciño, anciño, anciño...

NAI.- Pon o gorro, cala a boca e dorme a sesta, que ata as seis non te podes bañar.

ELI.- E canto falta para as seis?

LOCUTOR.- A nai acomódase e responde con voz cansa.

NAI.- Catro horas, dorme xa.

ELI.- Catro?

LOCUTOR.- A nai, docemente, comeza a roncar.

ELI.- Nin soñalo, eu non penso esperar.

LOCUTOR.- O corpo miúdo de Eli érguese para mirar a liña na que se xuntan o azul do ceo e o verde do mar.

ELA deixa asomar as pernas por debaixo do sidecar e simula mirar por uns anteollos.

ELI.- Un castelo! Un castelo no medio do mar!

LOCUTOR.- A voz adurmiñada da nai volve soar.

NAI.- Onde dis que vas?

ELI.- A facer un castelo para que aniñe o corviño do mar.

NAI.- Pon as sandalias, non molles os pés.

LOCUTOR.- Eli mira os seus dourados pés. Soamente se escoita o ir e vir do mar.

ELA imita coa voz o run run do mar.

LOCUTOR.- Eli galopa lixeira entre un mar de barrigas espalladas, que como as ondas, veñen e van.

ELA abre os brazos, asubía e simula voar dentro do sidecar.

ELI.- O corvo lánzase contra o verde do mar.

LOCUTOR.- Na orella xa, a nena pisa con forza as cunchas espalladas pola beira do mar.

ELA pisa con forza a terra queimada baixo o sidecar.

ELI.- Cris cras, cris cras, arden as cunchas, queiman os pés.

LOCUTOR.- O sol inclemente anega o desacougante deserto de area.

ELI.- Arden, cris. Queiman, cras. Retórcense, cris cras. O corvo ten que xantar.

LOCUTOR.- Unha inesperada e estrepitosa onda rompe o sono da nai.

ELA imita o son da onda.

NAI.- Nena, nena, que fas?

ELI.- *(Baixiño)*. Cris cras, cris cras, ti non estás.

NAI.- Non molles os pés!

LOCUTOR.- A nai da pequena docemente volve roncar. Eli segue o seu xogo sen volver a vista atrás. Unha atlántica onda rompe de novo o sono da nai, e a súa voz volve soar.

FRANÇOISE non se move, o LOCUTOR repite.

LOCUTOR.- A voz da nai volve soar. *(Mira a Françoise que non se move)*. A voz da nai volve soar. *(Silencio. Afectado, substitúe a Françoise)*. Cariño, non molles os pés.

ELI.- Cris cras, cris cras, arden as cunchas, queiman os pés.

FRANÇOISE esperta sobresaltada e intervén a des-tempo.

NAI.- Nena! Ti móllate que xa verás!

ELI.- Eu non te escoito, ti non estás.

LOCUTOR.- Os pés da pequena rozan xa as ondas do mar. A nai chama por ela unha vez máis.

NAI.- Ven aquí, Eli María, que tes que facer a dixestión!

LOCUTOR.- A nena non quere escoitar.

ELI.- Ti non estás.

NAI.- Ti faime levantar que aínda has cobrar.

LOCUTOR.- A nai érguese da hamaca para seguir os pasos da pequena.

FRANÇOISE érguese cara o escuálido bosque.

ELI.- Cris cras, cris cras, ti non sabes nadar.

NAI.- Xa verás cando llo diga ao teu pai!

ELI.- Entro na auga, non te penso escoitar.

LOCUTOR.- A voz da nai mestúrase co son ameazante do mar.

NAI.- Nena! Nena! Non entres no mar, que como afogues, voute matar!

LOCUTOR.- Un coro de nais berra con ela: «Nena, nena, non entres no mar!».

ELI.- Son Cornelán, o peixe que voa, o paxaro mergullador!

LOCUTOR.- De súpeto, o corpo de Eli desaparece entre as ondas do mar. A voz afogada da nai fai esforzos para poder berrar.

NAI.- Nena! Non te vexo! Onde estás?

LOCUTOR.- O corpo da pequena volve de novo flotar.

ELI.- SPLASHHH, SPLASHHH. Mergullarme e voar.

LOCUTOR.- A desesperada mamá intenta convencela unha vez máis.

NAI.- Nena! Volve que eu non sei nadar!

LOCUTOR.- É tarde, o corpo miúdo de Eli debátese para non afogar.

ELA axita pés e mans.

LOCUTOR.- Que pasará coa pequena? Que fará esta nai se non sabe nadar? Non perdan mañá o derradeiro capítulo do noso emocionante serial: «O importante é ser nai», patrocinado por Congelados LA MAR.

A luz intensifícase. ELA aplaude. LEO saúda. FRANÇOISE camiña lentamente cara a ELA.

ELA.- *Fantastique, mon amour, fantastique!* Baila comigo, bailemos ata extenuar! Danzad, danzad malditos!

ELA baila e canta o Valtz 2 da Jazz Suite de Shostakovich. LEO deitase no seu carro, vírao e encamiñase cara ao lateral dereito do bosque queimado.

ELA.- Oh Bloom-Bloom, mon amour, mon premier amour!

LEO parálizase. Medio corpo está fóra de escena. As pernas dentro.

FRANÇOISE.- Nena! Porque nunca me chamas mamá?

Escuro.

ACTO II

Luz sobre o bosque queimado. Luz sobre a cadeira de FRANÇOISE. Luz sobre o sidecar do que sobresa e unha antuca aberta tapando a ELA. Luz a rentes do chan deixando ver todos os obxectos de ELA no chan. Á esquerda, por diante de ELA, FRANÇOISE está tirada no chan, co seu bolso aberto e os seus obxectos espallados: xornal, radio, etc. Luz estridente.

ELA.- Leo?... Estás aí meu amor? (*Silencio*). Serías tan amable de achegarme os meus lentes? Esta luz cansa, cariño... Estasme a escoitar Leo? Poderías dicir algo..., eu que sei... Asubiar! (*Silencio*). Nada. Cero. Rien. Non é moito pedir, un asubío... (*Bota a antuca cara atrás e mira á fronte*). Distraer este maldito sol de media noite..., sen sombras, incandescente... Parrillada vital! (*Silencio*). Lembras o Hollywood? Exquisitas hamburguesas! Mmm Con crema roquefort, «como lle gustaba a Marilyn!» Lembras león? Teatro... Cine... «To be or non to be», a miña preferida. Humor exquisito. Altísimo nivel. Tempos sen crise Leo, tempos sen crise. Non dis nada ...? Non me sorprende cariño, sempre fuches un fermoso egoísta. E eu aquí. Plantada. Á espera. (*Canta*). «Si ya se que no vendrás. Sola, increíblemente sola. Como están los que se mueren». (*Falado*). «Los que viven, los que quieren». (*Canta*). «Así estoy yo por tu impiedad». Eterna vixilia. Leo? (*Canta*). «Sola...» Cardos nos ollos, cravos nos pés, no cristalino cristais. (*Canta*). «Pavorosamente sola». Estrelas... Estrelados. Leo, estasme a escoitar...? Se puidese ascender cara á luz, mentres o inferno me traga... Ascender... Ascender para logo caer... Tobogán abaixo. Como ti amiga Schneider, tobogán abaixo e non emerxer. Afogar esa dor, (*Canta*). «Dolor de bestia perdida», xorda..., das entrañas. (*Canta*). «Que quiere huir del puñal». Ferida aberta. Ferida Schneider. Ferida ti, ferida eu, ferida espera. (*Canta*). «Vergüenza de no olvidarte, si ya se que no vendrás». Sola. (*Pecha os ollos. Ábreos. Cun fio de voz*). Leo? (*Silencio*). En fin amore, contigo ou sen ti debo seguir adiante, sempre adiante! Noises off Ela querida, Noises off! (*Canta pianísimo*). «Willkomenn, Benvidos, Welcome. Baaang». Leo? «Benvinguts, Bienvenues. Olaaa. Bang-Bang!» (*Fai inventario dos obxectos*). Crema, xornal, pinta labi... Non, non Ela, non! (*Sorriso extenuado*). Paciencia. Ouí, ouí... PACIENCIA. Vas vir por min, Leo...? Aínda non é hora, xa sei meu amor, descansa... Se polo menos puidese ver a punta do teu ilustre pé... Oh, oui, iso sería a felicidade total. E ti grande mère, que fas? Les o xornal? Como vai o

mundo? Madurito ou calentorro? Descansa si, descansas ti, descanso eu, descansamos todos. (*Pausa*). Lembras aquel ano, cariño? Queima o sol..., mar en calma, case morto, queima o lume que arruína. (*Canta*). «Adios ríos, adios fontes, adios regatos pequenos...». Aspiran a auga do mar. Rien de mer. Secaño total! Fin do mundo. (*Canta*). «Lararara lararara, non sei cando nos veremos». Leo? (*Canta*). «Chim chimení, chim chimení, chim chim cherí». Nada. Cero. (*Alza a voz*). Asfalto no fondo do mar. Lembras cariño? Lembras o Casanova? Fellini pinta o mar! Casanova!!! (*Silencio*). Leo, estasme a matar! Fellini pinta o mar. Iribarne queima o fondo. Leo! Iribarne queima o fondo! Fin do mundo señor Bloom! Finis Terrae. (*A toda velocidade*). Fistera. Flor de Toxo. Pedras Santas. Mar de Fóra. Fin do mundo. Casanova! Estasme a escoitar? (*Mira o corpo de Françoise*). E ti Radio Mamá? Que est que vous voulez? Queres moquear na nosa bandeira, grand mère? Queres un bico? Que queres mamá? Vai calor... Lembras o feto? O feto flotando no azul...? Lembras o noso comezo grand-mère? Vai calor, oui ... Sentín unha ausencia... Non te enfades mamá..., foi a túa. (*Burlona*). Arrolada nun maremoto eu choraba sen parar e os teus brazos eran ondas que me querían lanzar! (*Canta*). «Cry, Cry Baby, Cry Baby, Cry Baby...» E eu, grand maman, nunca máis volví chorar. Escoitas Leo? Isto téñocho que contar. Veña, anímate ti tamén Françoise! Unha noite, grand-mère, unha noite eu durmía e ti... Eu durmía en branco e negro, ti envolvías un novelo de cor prata. Un novelo que era eu. Un souvenir, made-moiselle! Un souvenir pour la mère...! Leo, estasme a escoitar? Estás aí cariño? Necesítote aquí meu saxo tenor... Es cruel Leo, isto non cho vou perdoar! Un novelo de cor prata emerxía do meu corpo «tricotado». E ti, gran mamá, apurábaste a me destricotar. Amores imposibles Françoise, asfixiados. (*Silencio*). Estás a cantar meu amor? Sinto os xeranos da túa voz. Asubías? Asubías a nosa canción? (*Silencio*). Oh Willy Bloom, non sabes o ben que me fas! (*Canta o seu valse*). Nos teus labios levitar... Paz que me infiltras amor, paz que me infiltras. (*Mira o bolso*). Romy querida... Gustaríame Romy Schneider terte escoitado cantar... A túa cálida voz cantando xeranos na lingua do amor... Non sei..., tal vez algo de Brel, e pour-quoi pas, o *Ne me quittes pas*? (*Canta piano o Ne me quittes pas*).

Entra PAPÁ cun vestido de amazona, azul escuro intenso, e sombreiro con tul por diante da cara, imitando a Romy Schneider na longametraxe Ludwig. PAPÁ canta desaforado. ELA abre os ollos.

PAPÁ.- «Moi, je t'offrirai

Des perles de pluie

Venues de pays

Où il ne pleut pas

Je creuserai la terre

Jusqu'après ma mort

Pour couvrir ton corps

D'or et de lumière

Je ferai un domaine

Où l'amour sera roi

Où l'amour sera loi

Où tu seras reine...»

ELA.- Sissí?

PAPÁ.- «Ne me quittes pas... Ne me quittes pas... Ne me quittes...»

ELA.- Rommy?

PAPÁ.- «NE ME QUITTES PAS» (*Fai unha reverencia*).

ELA.- Papá?

PAPÁ.- Que preciosa canción ma petite. (*Seca unha bágoa co tule*).

ELA.- Abre os ollos, León! Papá veunos visitar!

PAPÁ.- Delón»

ELA.- Mmm... Si, Delón... Ten un sono moi pesado.

PAPÁ.- E Madame du Deffand? (*Ela sinala o corpo de Françoise*). Oh...! No seu chateaux a descansar!

ELA.- Un día ou outro deixará de radiar.

PAPÁ.- Voz plotina... Traviata!

ELA.- Traviata extraviada... Mellor Medea.

PAPÁ.- Traviata, Norma, Medea, CALLAS FOR EVER! (*Canta*).

«Auario, AÜERIOO.

Guen mun isindeseven jaus

An chupiter alains guit mars

Denpis guilgait de planets

Anlaf guistirdestars

Disisdiltaunin of diechofacuerio

Diechofacuerio...

AÜERIOO UO UO UOOOO»

ELA.- Mellor que volvas ao *Ne me quittes pas*...

PAPÁ.- O Ne me quittes pas faime chorar. (*Canta*).

«AÜERIOOOO

Jarmoni anderstandin simpazi anostapaundin

Nomorfoljunso derrison

Golden liviumgrin somenisons

Mister crista revereison an de mains tu libereixion...»

ELA.- Ves a Romy?

PAPÁ.- AÜERIOOOOO... AÜERIOOOO.

ELA.- Descanse en paz a princesa.

PAPÁ.- Atopei ao Profesor Castilla nun balcón que colga en Ronda... Paraxe espectacular!

ELA.- Un Tajo cruza Ronda que me parte o corazón.

PAPÁ.- Coa súa viaxe de inverno a piques de rematar.

ELA.- Diso agora non podo falar.

PAPÁ.- Acariñou docemente... a túa aura extraviada.

ELA.- Electra electrocutada.

PAPÁ.- Un día ou outro tiña que morrer, ma petite.

ELA.- O día de mañá, e de mañá, e de mañá...

PAPÁ inicia a saída.

ELA.- Aililí, Ailó Papá. Cántame o Aililí ailó.

PAPÁ e ELA cantan a dúo.

PAPÁ.- Aililí, aililí, ailó. Aililí, aililí, ailó. Ai li lí...

ELA.- Aililí, aililí, ailó. Aililí, aililí, ailó.

PAPÁ sae. Silencio.

ELA.- Había unha vez unha nena moi pobre, moi pobre, que era orfa de pai e nai... Papá? Sissí? (*Mira os obxectos espallados polo chan*). Leo? Estás aí, meu amor? Dá un golpe por favor. Dime algo León, o que sexa. (*Silencio*). Coas túas palabras... Nin poemas, nin cancións. Só as túas palabras Willy Bloom, as túas! Buxía. Inventario. Cegoñal. Carburador. As ondas do mar de Mera... Dispara outra vez! Lánzame o teu lume! Só as túas palabras. Conxestionado. Roscas... (*Recita*). «Asáñate comigo. Asáñate que outra chaga en min xa non cabería». Escoitas Leo? Que fermosos versos... Escribiunos Madame Labé... Unha gran dama... LEO! (*Silencio*). Ok, querido, como queiras, eu non aguanto máis. Agora si, agora tout c'est fini, tu lo has querido, «querido». Estasme a escoitar? Vasme deixar escapar? Está ben, recollerei as miñas cousas e xa non me verás máis. Casco. Lentes. Pavesas de Sam... Rouge absolu. To be or no to be... Ne me quittes pas... Crema estrelar... Roscas, hamburguesas, defensas... Romy. Cry, cry baby... Voz plotina, feto azul. Eternité. Adieu grand-mère, adieu radio-mamá, volvo a me tricotar. Aililí Sissí. Aililó Papá. Abano... Pinta labios... Ne me quittes pas. Chinchimení Leo, estasme deixando escapar. Ela off. Romy, Leo, Papá. Quoi? A piques de caducar. Cris Cras, eu non te escoito. Mergullarme e voar. Obituarios. Ronda. Ti non estás. Adieu mon amí. Balcón pendular. Paz que me infiltras, amor. Ne me quite pas.

Escuro súpeto. Escoitase a voz de Romy Schneider cantando algúns versos de «La chanson de Hélène» de Philippe Sarde. A luz intensifícase. ELA xa non está. Os corpos de LEO e FRANÇOISE permanecen na escena. A luz escintila e xorden interferencias sobre a voz de Romy. Berro afogado.

PANO

NOTA sobre a presenza doutros textos.**Samuel Beckett**

Happy Days: Momentos nos que Françoise se dirixe a Ela co nome de Winnie e nos que Ela se dirixe a Leo co nome Willy.

Solo: Ela le nun libro a frase: «Nacer fué su perdición».

Nana: Ela le dun libro alterando unha frase: «Hasta que al fin llegó al término de un largo día cuándo se dijo ella a sí misma...»

Pietro Aretino

Sonetos Luxuriosos: Ela intenta lembrar os versos «Fottíamicci anima mía...»

Jean Genet

Para un funámbulo: Ela intenta lembrar o poema «Tū funda te enfunda, te ...»

Rimbaud

Vogais: Ela articula esaxeradamente os primeiros versos: A blanc, E noir, I rouge, U...

L'eternité: Ela deconstrúe un verso: «Ela reencontra. Quoi? L'eternité. Quoi? C'est la mer. Quoi? O doce aire do mar».

As répicas de Nina: Ela recita o segundo verso do poema.

Louise Labe

Soneto III: Ela deconstrue un verso: «Asáñate comigo que outra chaga en min non cabería».

Shakespeare

Rei Lear: Françoise repite o que Lear dixera a Cordelia: «A túa xenerosidade será a túa dote».

Macbeth: Dúas frases de Macbeth a Seyton cando lle anuncia a morte de Lady Macbeth:

PAPA: «Un día ou outro tiña que morrer», ma petite...

ELA: «O día de mañá, e de mañá, e de mañá...»

Esquilo

Coéforas: Françoise repite o que Clitemnestra lle di ao seu fillo Orestes: «¡Yo te crié y contigo he de envejecer!»

Rosalía de Castro

Cantares: Ela canta a estrofa «Adios ríos, adios fontes...»

James Joyce

Ulises: Ela diríxese a Leo chamándolle Sr. Bloom ou Willy Bloom.

ÚLTIMOS TEXTOS PUBLICADOS:

- Hámster** de Santiago Cortegoso [RGT nº 60]
O ogrocho de Suzanne Lebeau [RGT nº 61]
Colgados de Gustavo Pernas Cora [RGT nº 62]
A muller que perdía todos os avións de Josep María Miró [RGT nº 63]
Por que as acacias non han dar xarope? De Luís Araujo [RGT nº 64]
Nunca estive en Bagdad de Abel Neves [RGT nº 65]
Expostas de Teté García, Marta Pérez, Rosa Puga e Vanesa Sotelo [RGT nº 66]
O tempo de Lluïsa Cunillé [RGT nº 67]
Piratas de Eduardo Alonso [RGT nº 68]
Padam Padam de Jose Maria Vieira Mendes [RGT nº 69]
Fóra Feira de Joan Giralt [RGT nº 70]
O principio de Arquímedes de Josep Maria Miró i Coromina [RGT nº 71]
Ritos de sangue de María Xosé Queizán, [RGT nº 72]
Imundação de Marta Freitas [RGT nº 73]
Caixa Negra de Fernando Epelde [RGT nº 74]
Unha corrente salvaxe de Raúl Dans [RGT nº 75]
Micropezas de Marcos Abalde, María Armesto, Afonso Becerra de Becerreá, Ana Carreira, Santiago Cortegoso, Antón Coucheiro, Daniel Currás, Fernando Epelde, Eva F. Ferreira, Clara Gayo, Joan Giralt, Fran Godón, Manuel Lourenzo, Carlos Méndes, Jacobo Paz, Olivia Pena, Xosé Manuel Pazos Varela, Xavier Picallo, Xesús Pisón, Pedro P. Riobó, Vanesa Sotelo [RGT nº 76]
Bagos de uva no padal de Susana Hornos e Zaida Rico [RGT nº 77]
Morte Súbita de Ricardo Cabaça [RGT nº 78]
Mata o teu alumno de Carles Mallol [RGT nº 79]
Arelantes de Wajdi Mouawad [RGT nº 80]
Prohibido sufrir de Clara Gayo [RGT nº 81]
Albertine, o continente celeste de Gonçalo Waddington [RGT nº 82]
Un pé xigante esmágaos a todos de Xavi Morató [RGT nº 83]
A morte é breve de Julio Fernández [RGT nº 84]
Premios «A Pipa» de Dramaturxia Breve 2013-2014: Emoticonas, de Rubén Pérez Pombo; **Silencio**, de AveLina Pérez; **A buxaina**, de Santiago Cortegoso; **O ceo baixo Berlín** de Ernesto Is e **Ofelia**, de Julio Fernández Peláez [RGT nº 85]
Baile de sombras de Fran Godón [RGT nº 86]
A obediencia da muller do pastor de Sergio Marínez Vila [RGT nº 87]
As cancións que lles cantaban aos cativos de Raúl Dans [RGT nº 88]